

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2021

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Este ano o lema internacional elixido é "**Atención de saúde mental para todos: fagámosla realidade**" con obxecto de insistir no obxectivo de facer realidade a atención de saúde mental de calidade para todos. Durante a Asemblea Mundial da Saúde de maio de 2021, os gobernos de todo o mundo recoñeceron a necesidade de ampliar os servizos de saúde mental de calidade a todos os niveis e apoiaron o Plan de Acción Integral sobre Saúde Mental 2013-2020 da OMS, incluídas as opcións de aplicación actualizadas do Plan e os indicadores para medir os progresos.

Desde esta perspectiva, a Confederación SALUD MENTAL ESPAÑA propón o lema "**A saúde mental, un dereito necesario. Mañá podes ser ti**", mediante o que se busca denunciar as desigualdades que existen ao redor da saúde mental e que poden ocorrer por diversos motivos (económicos, por idade, por xénero, por educación ou por lugar xeográfico), así como reivindicar a importancia de que a atención á saúde mental sexa igual para todas as persoas. Ademais, o lema pretende concienciar sobre o feito de que a saúde mental afecta a todo o mundo e que, por iso, todos e todas debemos coidala.

A pandemia da covid-19 tivo un gran impacto na saúde mental das persoas. Unha enquisa da OMS realizada a mediados de 2020 mostraba que os servizos de atención para os trastornos mentais, neurolóxicos e por consumo de substancias víronse considerablemente interrompidos durante a pandemia.

Precisamente, neste contexto, as entidades que integran o **Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo** redobraron os seus esforzos para facer realidade a atención da saúde mental a todas as persoas, desde un modelo biopsicosocial e comunitario de calidade, sendo capaces de manter taxas de actividade asistencial moi superiores a outros dispositivos sanitarios e sociosanitarios da nosa contorna.

Por todo iso, queremos facer un chamamento solidario para seguir traballando conxuntamente, institucións, gobernos, profesionais, medios de comunicación e resto de sociedade, para seguir mellorando a atención da saúde mental.

Vigo, 10 de outubro de 2021

Presidenta do PLDA de Vigo
Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo
Yolanda Aguiar Castro

Director técnico do PLDA
Francisco Otero Lamas

